

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA, A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE, A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A CONSELLERÍA DO MAR PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE RECOMPILACIÓN, ANÁLISE E DIFUSIÓN DE INFORMACIÓN RELATIVA Á CADEA ALIMENTARIA GALEGA

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, Francisco José Conde López, Vicepresidente Segundo e Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, en nome e representación do Instituto Galego do Consumo e da Competencia (en diante IGCC), como Presidente, actuando no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 13 dos estatutos do IGCC publicados mediante Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia (DOG nº 160, do 25 de agosto de 2016), e o artigo 1 da Resolución do 23 de marzo de 2017 sobre delegación de competencias en diversos órganos deste instituto (DOG nº 74, do 18 de abril de 2017).

Doutra parte, María Jesús Lorenzana Somoza, conselleira de Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Emprego e Igualdade, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, Rosa María Quintana Carballo, conselleira do Mar, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da





Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O Instituto Galego do Consumo e da Competencia é un organismo autónomo adscrito organicamente á Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación que, de acordo coa Lei 8/1994, do 30 de decembro, de creación do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, ten como fins xerais e obxectivos básicos a defensa, protección, promoción e información dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, e a garantía, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar das persoas consumidoras e usuarias.

Entre as súas funcións están, entre outras, a de preservar, garantir e promover a existencia dunha competencia efectiva nos mercados, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, prevéndose a súa cooperación e colaboración coas administracións públicas e outras institucións públicas ou privadas, a través de acordos e convenios de colaboración, no ámbito dos obxectivos deste organismo.

A Comisión Galega da Competencia, como órgano colexiado independente, adscrito ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia, será a encargada, de acordo coa norma reguladora do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, destes estatutos e demais normativa, da aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, segundo os criterios establecidos pola Lei 1/2002, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia





SEGUNDO.- O Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, así como o Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, establecen que a Consellería de Emprego e Igualdade é órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a quen lle corresponde, de conformidade co Estatuto de Autonomía e coa Constitución, propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito laboral e do emprego, que engloba as competencias en materia de políticas activas de emprego, política laboral, relacións laborais e seguridade e saúde laboral, responsabilidade social empresarial, cooperativas e outras entidades de economía social, formación para o emprego e colocación.

TERCEIRO.- De acordo co establecido no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, á Consellería do Medio Rural correspóndenlle a elaboración, a proposta e o desenvolvemento das directrices de política agraria da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación, fomento e mellora da produción agrogandeira, executando entre outras, as medidas de apoio ao sector lácteo e gandeiro de Galicia, a protección e control da sanidade animal e vexetal e de procedementos relacionados coa seguridade alimentaria; de formación, promoción e fomento do asociacionismo agrogandeiro, e a elaboración, proposta e desenvolvemento das directrices da política agraria en materia de mellora da estrutura das explotacións agrarias. Así mesmo, compéttelle a ordenación, o fomento e os procedementos relacionados coas industrias agroalimentarias, así como todo o relacionado coa promoción e o fomento dos produtos agroalimentarios, as denominacións de orixe e de calidade do sector agroalimentario e o control da calidade comercial dos alimentos.

CUARTO.- O sector agroalimentario xera en Galicia un total de 99.740 postos de traballo, o que supón un 8,64% do emprego total, e achega un 6,5% do Produto Interior Bruto (PIB) da economía autonómica, segundo datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) de 2019.

Configúrase, por tanto, como un sector estratéxico da economía galega conformado por diversas ramas de actividade que van desde a produción primaria (agricultura e gandería) ata o procesado de produtos alimentarios (conservación e elaboración de produtos cárnicos, fabricación de produtos lácteos, de produtos para a alimentación





animal, outras industrias alimentarias e fabricación de bebidas), que xogan un papel relevante, non só na xeración de emprego e riqueza nos espazos rurais de Galicia, senón tamén no mantemento do equilibrio territorial e ambiental da nosa Comunidade.

QUINTO.—De acordo co establecido no Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Mar, é competencia deste Departamento da Xunta de Galicia propoñer e executar as directrices xerais do Goberno en materia de ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo, acuicultura, confrarías de pescadores/ as e demais organizacións e asociacións dos/as profesionais do sector, industrias pesqueiras e conserveiras, establecementos de almacenamento, manipulación, vendas e transformación do peixe e ensinos marítimo-pesqueiras, náutico-deportivas e mergullo, cooperación pesqueira interinstitucional e co exterior, salvamento marítimo, loita contra a contaminación e planificación e actuacións portuarias, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española, sen prexuízo das competencias que poidan corresponder aos outros organismos da Comunidade Autónoma.

A actividade pesqueira, marisqueira e acuícola é un dos principais motores da economía galega que sitúa a Galicia, pola riqueza da súa produción, como a primeira das comunidades pesqueiras da Unión Europea. Os produtores primarios no ámbito do mar realizan as actividades de pesca extractiva, o marisqueo e a acuicultura caracterizándose por estar sometidas todas a súas producións a unha primeira venda en lonxa ou centro autorizado.

No que respecta á pesca extractiva a frota galega, conta con mais de 4.300 embarcacións pertencentes a distintos estratos que faenan en caladoiros e onde adquire especial relevancia a frota artesanal de artes menores, o 89% da frota, pola súa importancia socioeconómica na vertebración do territorio e a posibilidade de ocupación de gran número de traballadores en ámbitos rurais costeiros. No que respecta ao marisqueo é realizado por máis de 3.700 mariscadores e caracterízase por tratarse dunha actividade basicamente feminina, o que favorece a incorporación da muller ao sector do mar. Por último, podemos desagregar a acuicultura mariña en tres grandes grupos: as case 3.550 bateas situadas nas Rias galegas, os case 1.200 parques de cultivo localizados principalmente en Carril e as 18 granxas mariñas





situadas en distintos puntos das nosas costas. A isto uniríanse as case 25 piscifactorías continentais que actualmente funcionan no noso territorio.

SEXTO.- Mediante a Lei 16/2021, do 14 de decembro modificouse a Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, introducindo no seu artigo 28, entre outras modificacións, a previsión de que as comunidades autónomas, de acordo cos seus Estatutos de Autonomía e no marco das competencias previstas no artigo 26 desa lei, designen autoridades encargadas de controlar o cumprimento do disposto nela, nos seus territorios, que terán, cando menos, as funcións que esta lei atribúe á Axencia da Información e Control Alimentarios, O.A., en materia de control do cumprimento do disposto nela no ámbito das competencias propias da comunidade autónoma.

SÉTIMO.- De acordo co indicado, en relación aos produtos alimentarios de orixe galega, a Comunidade Autónoma de Galicia desenvolverá funcións de información e control alimentarios e control de prácticas comerciais desleais, entre as que están as seguintes:

- Mellorar o funcionamento e a vertebración da cadea alimentaria.
- Conseguir un maior equilibrio e transparencia nas relacións comerciais entre os diferentes operadores da cadea alimentaria.
- Fortalecer o sector produtor e potenciar as actividades das organizacións interprofesionais alimentarias, de forma que se materialicen nuns prezos xustos que sempre cubran os custos de produción.
- Garantir que as relacións comerciais se rixan polos principios de equilibrio e xusta reciprocidade entre as partes, liberdade de pactos, boa fe, interese mutuo, equitativa distribución de riscos e responsabilidades, cooperación, transparencia e respecto á libre competencia no mercado.
- Garantir a unidade de mercado para a mellora da competitividade da cadea alimentaria.

OITAVO.- De acordo co exposto, e dada a importancia do sector alimentario en Galicia, as novas competencias asignadas á Comunidade Autónoma en materia de información e control da cadea alimentaria, e as súas repercusións sobre a creación





de riqueza e de emprego en Galicia, e especialmente no ámbito rural, considérase necesario afondar no coñecemento e estudo da situación da cadea alimentaria en Galicia e dos axentes que interveñen nela, así como da formación dos prezos en cada un dos elos da cadea, o que permitirá planificar de forma eficiente as actuacións necesarias dentro do ámbito competencial da Comunidade Autónoma.

Ademais, a difusión dos datos, indicadores e informes, permitirá que os distintos axentes do sector alimentario coñezan con maior profundidade o mercado galego, o que repercutirá na promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados e, en consecuencia, unha maior creación de riqueza e emprego no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste marco de actuacións, e dada a dispersión de datos dispoñibles sobre o sector alimentario, considérase necesario que as distintas entidades implicadas asinantes deste acordo colaboren no desenvolvemento das funcións asociadas a un observatorio da cadea alimentaria galega, entre as que se atopan realizar informes, estudos e investigacións que permitan obter un mellor coñecemento dos principais subsectores alimentarios, facendo fincapé na situación económica destes, os custos de produción, a formación de prezos ao longo da cadea, co fin de obter información transparente e valiosa para a toma de decisións estratéxicas tanto para os distintos sectores, como para a propia administración.

NOVENO.- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, na colaboración e no intercambio de información, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan asinar este acordo de colaboración con base ás seguintes





CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do acordo de colaboración

O obxecto deste acordo é regular o marco de colaboración entre o Instituto Galego do Consumo e da Competencia, a Consellería de Emprego e Igualdade, a Consellería do Medio Rural e a Consellería do Mar para a realización conxunta de actividades de recompilación, análise e difusión de información relativa á cadea alimentaria (en diante, funcións asociadas a un observatorio da cadea alimentaria galega).

Con base a este acordo de colaboración, por parte das partes asinantes elaboraranse informes, estudos e investigacións que permitan un mellor coñecemento dos principais subsectores alimentarios de Galicia, facendo fincapé nos custos de produción e na formación de prezos ao longo da cadea, co fin de obter información obxectiva e transparente, tanto para a súa utilización polas entidades asinantes no desenvolvemento das súas competencias, como para a súa difusión entre os axentes que interveñen na cadea alimentaria, o que contribuirá a incrementar a eficiencia entre as súas relacións e, polo tanto, a xeración de riqueza e emprego asociado aos distintos elos da cadea alimentaria.

SEGUNDA.- Actuacións a desenvolver

O acordo de colaboración reflicte unha colaboración institucional para levar a cabo funcións asociadas a un observatorio da cadea alimentaria galega, como actuación dirixida a acadar obxectivos compartidos a prol dun sector produtivo estratéxico para as zonas costeiras e o rural de Galicia, que persegue beneficiar ao conxunto dos axentes da cadea de valor alimentaria, fortalecendo o seu posicionamento competitivo e contribuíndo a evitar prácticas que vaian en contra da normativa de aplicación.

O esquema de colaboración e os labores que desempeñará cada unha das partes estrutúrase nas seguintes actuacións:

1. Coordinación do proxecto





Para a coordinación do proxecto establecerase un Grupo de Coordinación, no que participarán dúas persoas designadas por cada unha das entidades asinantes (Instituto Galego do Consumo e da Competencia – unha delas membro da Comisión Galega da Competencia –, Consellería de Emprego e Igualdade, Consellería do Medio Rural e Consellería do Mar).

A coordinación superior e operativa do Grupo de Coordinación correrá a cargo dunha persoa funcionaria da Subdirección xeral de Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural. A persoa coordinadora encargarse de convocar e organizar as reunións do Grupo de Coordinación, así como de preparar a documentación de planificación e seguimento das actuacións, para a súa presentación ante o dito Grupo.

2. Análise de situación e fixación de obxectivos estratéxicos e actuacións a desenvolver

Durante a vixencia do acordo, as entidades asinantes poderán propoñer, a través do Grupo de Coordinación, actuacións a executar sobre aqueles ámbitos, sectores ou elos prioritarios nos que se detecte a necesidade dunha mellora do equilibrio e transparencia nas relacións comerciais, ou de medidas encamiñadas a conseguir un maior coñecemento por parte dos distintos axentes, que poidan conducir a unha mellora do funcionamento da cadea alimentaria e a conseguinte creación de emprego e riqueza.

Cunha periodicidade mínima trimestral, o Grupo de Coordinación reunirse co fin de analizar as accións xa executadas ata ese momento, así como as propostas das entidades asinantes, planificando as actuacións a executar no seguinte trimestre, tanto no ámbito de recompilación de información e elaboración de informes como de actuacións de difusión.

Esta planificación deberá ser acordada por unanimidade polos membros do Grupo de Coordinación. Entre estas actuacións poderanse incluír, entre outras, as seguintes:

- Cálculo de custos de produción dos produtos alimentarios, que poderán realizarse por rangos de tamaño das explotacións, ou embarcacións no caso da pesca, naqueles sectores para os que se considere conveniente debido ás súas características. Ademais, poderanse elaborar propostas de





metodoloxías para o dito cálculo que, no seu caso, puidesen ser utilizadas como medio de proba para a acreditación dos custos de produción dos distintos produtos alimentarios.

- Seguimento sistemático da formación dos prezos finais dos alimentos de orixe agraria e do mar, a través do estudo pormenorizado de cada un dos elos da cadea de valor, e preparación da documentación que poida ser utilizada tanto para a súa difusión á cidadanía como aos diferentes sectores produtivos.
- Análise da estrutura básica dos prezos e os factores causantes da súa evolución na produción e o consumo, nos alimentos de orixe agraria e do mar de maior importancia relativa.
- Detección de mercados nos que poida existir risco de exercicio desproporcionado do poder de mercado
- Elaboración de informes sobre as distintas ramas produtivas que compoñen o sector alimentario galego (leite, viño, carne, peixes, mariscos e produtos de calidade, entre outros), centrándose nos seguintes aspectos: tamaño e composición, evolución, emprego, produtividade e competitividade, peso económico dos distintos subsectores (valor da produción, PIB e VEB cando sexa posible), custes de produción, formación de prezos ao longo da cadea de valor, comercialización e esforzo investidor, capacidade exportadora, etc.
- Accións que favorezan o diálogo e a intercomunicación entre os axentes da cadea de valor (representantes do sector produtivo, tecido industrial e distribución comercial), entre si e destes coas administracións públicas.

Cada unha das actuacións planificadas desenvolveranse de acordo coa planificación, programa de traballo e participación de cada unha das partes asinantes que sexan aprobadas no seo do Grupo de Coordinación.

3. Resultados das actuacións e propostas de mellora

O resultado das actuacións planificadas trimestralmente serán presentados ante o Grupo de Coordinación por parte dos equipos responsables da súa elaboración, co fin de proceder á súa validación ou, de ser o caso, da proposta de modificación ou continuación das tarefas a desenvolver.





Como resultado das actuacións anteriores, o Grupo de Coordinación poderá elaborar propostas de actuacións ou de adopción de normativa para a súa consideración por parte das partes asinantes no ámbito das súas competencias, entre as que se poderán incluír a proposta de metodoloxías para o cálculo dos custos de produción dos diferentes produtos alimentarios, para a súa utilización, de ser o caso, nas actuacións encamiñadas a garantir a aplicación da normativa vixente.

Igualmente, poderanse elaborar propostas de recomendacións para o seu traslado aos diversos axentes económicos intervinientes, empresas e institucións públicas ou privadas, que permitan mellorar o funcionamento e a vertebración da cadea alimentaria, conseguir un maior equilibrio e transparencia nas relacións comerciais entre os diferentes operadores da cadea alimentaria e garantir que as relacións comerciais se rexan polos principios de equilibrio e xusta reciprocidade entre as partes, liberdade de pactos, boa fe, interese mutuo, equitativa distribución de riscos e responsabilidades, cooperación, transparencia e respecto á libre competencia no mercado.

4. Comunicación e difusión

Calquera das partes asinantes poderá utilizar os resultados, informes, estudos e documentos elaborados con base a este acordo de colaboración para a súa difusión polos medios que considere, sen prexuízo do obrigado cumprimento das Cláusulas deste acordo relativas á normativa en materia de protección de datos e do deber de confidencialidade, segundo os datos utilizados.

Esta difusión poderá ter lugar, entre outras opcións, a través de documentos en formato físico, dixital, plataformas web ou organización de xornadas de presentación de informes.

TERCEIRA.- Compromisos asumidos polas partes

Para o desenvolvemento do obxecto deste acordo, cada entidade asumirá os seguintes compromisos:

Instituto Galego do Consumo e da Competencia:





- a) Colaborar para o cumprimento do obxecto e finalidade do acordo de colaboración, a través da participación no órgano de coordinación, así como nos traballos de asesoramento ou de análise e comunicación que sexan necesarios.

- b) Subministrar e facilitar aquela información dispoñible no Instituto que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste acordo, sen prexuízo do cumprimento da normativa en materia de protección de datos e do deber de confidencialidade, así como prestar, no seu caso, o asesoramento técnico que fose preciso, especialmente dentro das súas funcións dirixidas a preservar, garantir e promover a existencia dunha competencia efectiva nos mercados.

Consellería de Emprego e Igualdade:

- a) Colaborar para o cumprimento do obxecto e finalidade do acordo de colaboración nas tarefas de coordinación, planificación, execución e seguimento das actuacións previstas neste acordo, no ámbito das súas competencias, con cargo ao seus propios recursos para o desenvolvemento das actividades previstas na cláusula anterior e no Anexo do acordo.

Para iso poñerá a disposición do proxecto o persoal técnico que considere, de acordo coa planificación das actuacións que se aproben por unanimidade no seo do Grupo de Coordinación.

- b) Subministrar e facilitar aquela información da que dispoña que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste acordo, sen prexuízo do cumprimento da normativa en materia de protección de datos e do deber de confidencialidade, así como prestar, no seu caso, o asesoramento técnico que fose preciso, especialmente dentro das súas funcións dirixidas á elaboración e deseño das estratexias de emprego e dos correspondentes plans anuais de política de emprego, así como a formulación de propostas de inclusión de medidas e programas concretos neles.

Consellería do Medio Rural:





- a) Exercer a dirección e a coordinación superior do Grupo de Coordinación ao que se refire a cláusula anterior.
- b) Colaborar para o cumprimento do obxecto e finalidade do acordo de colaboración nas tarefas de coordinación, planificación, execución e seguimento das actuacións previstas neste acordo, no ámbito das súas competencias, con cargo aos seus propios recursos, para o desenvolvemento das actividades previstas na cláusula anterior e no Anexo do acordo. Para iso poñerá a disposición do proxecto o persoal técnico que considere, de acordo coa planificación das actuacións que se aproben por unanimidade no seo do Grupo de Coordinación.
- c) Subministrar e facilitar aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste acordo, sen prexuízo do cumprimento da normativa en materia de protección de datos e do deber de confidencialidade, así como prestar, no seu caso, o asesoramento técnico que fose preciso. En particular, a Consellería do Medio Rural poderá:
 1. Comunicar anualmente ás outras partes asinantes os datos relativos as explotacións correspondentes á base de datos alfanumérica do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (incluíndo explotacións gandeiras, hortofrutícolas, vitivinícolas, etc...) e a sección de Explotacións Prioritarias) e as bases de datos asociadas, as axudas e subvencións que conceda a Consellería do Medio Rural á incorporacións de mozos e á Modernización das Explotacións Agrarias (Plans de Mellora), etc. ...) para a execución das actuacións no marco deste acordo. En todo caso, non se cederán datos persoais, debendo garantirse a súa anonimización.
 2. Requirir á Axencia Galega da Calidade Alimentaria os datos relativos as producións de calidade diferenciada (DOP, IXP, Ecolóxico), para a súa cesión e utilización para a execución das actuacións no marco deste acordo. En todo caso, non se cederán datos persoais, debendo garantirse a súa anonimización.
 3. Valorar a necesidade e, de ser o caso, achegar outros datos dispoñibles na Consellería, que poidan ser de interese para a execución das actuacións no marco deste acordo, tendo en conta, en todo caso, que non se cederán datos persoais, debendo garantirse a súa anonimización.





4. Xestionar e actualizar a información na plataforma web aloxada no portal da Consellería do Medio Rural.
5. Difundir e publicitar os materiais e informes xerados con base a este acordo, e participar nas xornadas de difusión dos mesmos.

Consellería do Mar:

- a) Colaborar para o cumprimento do obxecto e finalidade do acordo de colaboración nas tarefas de coordinación, planificación, execución e seguimento das actuacións previstas neste acordo, no ámbito das súas competencias, con cargo aos seus propios recursos, para o desenvolvemento das actividades previstas na cláusula anterior e no Anexo do acordo. Para iso poñerá a disposición do proxecto o persoal técnico que considere, de acordo coa planificación das actuacións que se aproben por unanimidade no seo do Grupo de Coordinación.
- b) Subministrar e facilitar aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste acordo, sen prexuízo do cumprimento da normativa en materia de protección de datos e do deber de confidencialidade, así como prestar, no seu caso, o asesoramento técnico que fose preciso. En particular, a Consellería do Mar poderá:
 1. Comunicar, coa frecuencia que se estime precisa, os datos de primeira venda e outra información de interese aloxada na Plataforma Tecnolóxica da Pesca, núcleo dos sistemas de información da Consellería do Mar, que se considere necesaria para acadar os obxectivos deste acordo ás outras partes asinantes, así como os datos identificados como precisos dos distintos rexistros sectoriais das explotacións, medios de producións, etc. e as bases de datos asociadas ás liñas de axudas e subvencións concedidas pola Consellería do Mar de interese para a execución das actuacións no marco deste acordo. En todo caso, non se cederán datos persoais, debendo garantirse a súa anonimización.
 2. Tamén se facilitarán os datos relativos as producións de calidade diferenciada dos produtos pesqueiros e acuícolas correspondentes (DOP, IXP, Ecolóxico), para a súa cesión e utilización para a execución das actuacións no





marco deste acordo. En todo caso, non se cederán datos persoais, debendo garantirse a súa anonimización.

3. Valorar a necesidade e, de ser o caso, achegar outros datos dispoñibles na Consellería, que poidan ser de interese para a execución das actuacións no marco deste acordo, tendo en conta, en todo caso, que non se cederán datos persoais, debendo garantirse a súa anonimización.

4. Xestionar e actualizar a información na plataforma web aloxada no portal da Consellería do Mar.

5. Difundir e publicitar os materiais e informes xerados con base a este acordo, e participar nas xornadas de difusión dos mesmos.

CUARTA.- Información do sector alimentario galego

As partes asinantes deste acordo, cada unha dentro do seu ámbito de competencias, recadarán información entre os distintos axentes que interveñen na cadea alimentaria, de conformidade coa distribución de tarefas e funcións que se acorden no seo do Grupo de Coordinación, coa finalidade de garantir un adecuado desenvolvemento das actuacións previstas na Cláusula Segunda deste acordo e que será utilizada na elaboración das propostas e informes correspondentes.

En particular, poderán recadar, en colaboración cos distintos axentes que operan ao longo da cadea de valor (agricultores, gandeiros, silvicultores, pescadores, acuicultores, mariscadoras, lonxas, industrias, canais de transporte, canais de distribución e comercio final), os datos que poidan ser de interese para desenvolvemento das actividades comprendidas neste acordo, entre eles, os relativos á formación de prezos ao longo da cadea alimentaria.

QUINTA.- Financiamento

As distintas actuacións que se leven a cabo no ámbito desta colaboración serán acordadas no seo do Grupo de Coordinación, de conformidade co establecido na cláusula segunda.





A sinatura deste acordo non implica, por ningunha das partes participantes, compromiso de gasto con cargo aos seus orzamentos.

SEXTA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do acordo de colaboración, así como para propoñer solucións a calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por un representante de cada unha das entidades. Esta Comisión de seguimento será independente do Grupo de Coordinación previsto na cláusula Segunda deste acordo.

Dentro dos dez días seguintes á firma deste acordo de colaboración as partes faranse saber por escrito o nome dos seus respectivos representantes.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta Comisión, serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas na sección terceira do capítulo I do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SÉTIMA.- Réxime xurídico

Este acordo de colaboración ten carácter administrativo, polo que os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola normativa xeral que lle sexa de aplicación.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento deste acordo de colaboración, seranlle de aplicación o establecido no art. 18 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de Racionalización do Sector Público Autonómico.

OITAVA.- Vixencia

Este acordo de colaboración entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023, salvo prórroga por acordo





mutuo das partes antes da súa finalización para o cumprimento da finalidade nel establecida.

NOVENA.- Publicidade

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste acordo, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), e no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

DÉCIMA.- Modificación, denuncia e resolución do acordo

As partes poderán denunciar ou modificar este acordo en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes deberá comunicarse por escrito ás outras partes con un mes de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Son causas de resolución deste acordo:

- a) Acordo mutuo das persoas asinantes.
- b) Se se producisen circunstancias que fixesen imposible realizar as actuacións previstas no acordo.
- c) O incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no presente acordo.
- d) O transcurso do prazo de vixencia do acordo sen terse acordado a prórroga deste.

UNDÉCIMA.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación





destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E, en proba de conformidade con canto antecede, asínase o presente acordo, na cidade e data indicados.

O vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación	A conselleira de Emprego e Igualdade
Francisco José Conde López	M ^a Jesús Lorenzana Somoza
O conselleiro do Medio Rural	A conselleira do Mar
José González Vázquez	Rosa M ^a Quintana Carballo





ANEXO ACTUACIÓNS

As actuacións previstas no marco deste acordo son as seguintes:

1. Coordinación do proxecto. Inclúe:

- Organización de reunións do Grupo de Coordinación
- Seguimento do cumprimento do plan de traballo
- Seguimento e coordinación das actividades comprendidas neste acordo e revisión dos documentos e informes elaborados para a súa presentación ante o Grupo de Coordinación.

2. Análise de situación e fixación de obxectivos estratéxicos e actuacións a desenvolver. Inclúe:

- Análises da situación de subsectores, elos ou axentes, co fin de establecer as prioridades de actuacións no marcos deste acordo.
- Fixación de obxectivos estratéxicos e das actuacións prioritarias.
- Desenvolvemento das actuacións (análises, informes, estudos).

3. Resultados das actuacións e propostas de mellora. Inclúe:

- Elevación dos resultados das actuacións para a súa presentación ante o Grupo de Coordinación.
- Análise dos resultados e formulación, no seu caso, de propostas de modificación das actuacións ou da súa continuación.
- Elaboración de propostas para o seu traslado ás entidades con competencias na materia, aos axentes que forman parte da cadea alimentaria, ou á cidadanía en xeral.

4. Comunicación e difusión. Inclúe:

- Preparación dos contidos e formatos para a difusión dos resultados obtidos no desenvolvemento das actuacións.
- Difusión dos resultados a través da páxina ou páxinas Web que determine o Grupo de Coordinación.
- Organización de xornadas ou actividades de difusión dirixidas a subsectores ou axentes específicos, ou á cidadanía en xeral.

